



*O meu amor é louza quebrada.  
E un soño de papel de xornaleiro  
que os enruga trala súa mans  
cando os meus miolos che entregan  
a gaiola morna que ladra no meu peito.*

*O meu amor é paxaro morto.  
E unha pomba roubada coa lúa,  
loitando nas súas ás por fuxir,  
e, se morre, na loita, morrerá sen renderse  
ós teus beizos de neno tremante.*

*O meu amor é bolboreta núa.  
E un pequeno paxaro ceibe que voa  
no albor cansío dun novo día,  
non atopas níño quente que te acolla,  
que te abrace na mañanciña.*

*O meu amor, durmida cantiga.  
E un papel noxento que se agacha  
na lembranza esquecida, gardada  
entre sangues e carnes de amantes  
para nós descoñecidos, dun soñador.*

*O meu amor é reloxío quedo.  
E un neno perdido no paso do tempo,  
atrapada docemente nas redes  
tecidas polas agullas inquedas  
da vella melancolía, asasinado.*

*O meu amor é anxo caído.  
E un asasino nas portas do ceo,  
fitando barcos afundidos onte,  
cando a treboada deixou ferraduras  
ardentes queimando a miña pel.*

EVA